



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

CIRCULAR 160-2026.

VIII CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE CAMPO A TRAVÉS ABSOLUTO POR REMUDAS MIXTO.

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o 17 de outubro en Santiago de Compostela, o Campionato Xunta de Galicia Absoluto por Remudas Mixto.

Art.2).- O presente Campionato é clasificatorio para o seu respectivo nacional.

- Os clubs interesados en participar, na fase nacional, deberán atender á publicación da circular na que se indique o prazo límite para a solicitude de praza.

Art.3).- Poderán participar clubs galegos con licenza na presente tempada.

- Cada club poderá participar cun equipo composto por dous homes e dúas mulleres de categoría Sub 20 e/ou superiores.
 - o **Orde de participación:** Home – Muller – Home – Muller.
- Os/as atletas deben ter licenza en vigor, subscrita pola FGA ou por calquera outra federación autonómica.
- Limitacións de atletas estranxeiros e de clubs asociados:

Estranxeiros	Asociados
1*	1

**Os atletas Sub 20 non ocupan praza de estranxeiro.*

Art.4).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 23:45 horas do luns 12 de outubro.

- Permítese cambios, na secretaría da competición, ata 45' antes da celebración da proba.

Art.5).- Comunicación de baixas.

- Serán remitidas a competicion@atletismo.gal
- O prazo de comunicación rematará ás 23:59 horas mércores previo ao inicio da competición.

Art.6).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.7).- Cámara de chamadas

- Todos os integrantes do equipo deberán acceder a Cámara de chamadas á vez, provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto e deberán saír coa camiseta e o dorsal posto.

Art.8).- Horario.

APERTURA C. CHAMADAS	PECHE C. CHAMADAS	HORA SAÍDA	DISTANCIA
12:20	12:35	12:45	6000 m (4x1v)

Art.9).- Entrega de premios.

- Os/as tres primeiros/as equipos clasificados/as recibirán un trofeo conmemorativa do Campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premios.
- A entrega de premios realizarase ás 13:30 horas.

Art.10).- A responsabilidade das inscricións dos atletas corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- Inscricións fora de prazo: 10 € por equipo de remudas. Deberán ser enviadas a competicion@atletismo.gal para a súa valoración.
- Calquera baixa con posterioridade ás 23:59 do mércores previo ó inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba.

Art.11).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 24 de setembro de 2026

Yolanda González Fernández
Secretaria da Comisión Xestora da Federación Galega de Atletismo